

O BARCO



DE VAPOR

María Menéndez-Ponte

Pupi e o club dos dinosauros

Ilustracións de
Javier Andrada



Dirección editorial: Elsa Aguiar
Coordinación editorial: Paloma Muiña
Tradución: Isabel Soto

© do texto: María Menéndez-Ponte, 2009
© das ilustracións: Javier Andrada, 2009
© Xerme Edicións, 2011
Rúa Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE

Tel.: 902 121 323

Fax: 902 241 222

e-mail: clientes@grupo-sm.com

ISBN: 978-84-9854-286-8

Depósito legal: M-26643-2011

Impreso na UE / *Printed in EU*

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O BARCO




DE VAPOR

Pupi e o club dos dinosauros

María Menéndez-Ponte

Ilustracións de Javier Andrada




smxerme

Nachete decidiu fundar
«o club dos dinosauros»
e fixo unha chapa para cada socio
cun dinosauro distinto.
Son tan bonitas que todos os amigos
desexan pertencer ao club.
Pero el díxolles que,
para seren admitidos,
teñen que realizar
unha fazaña importante.



Club dos dinossauros



Rosy fixo uns dinosauros
con retallos de feltro de cores
que lle sobraron a súa nai,
e, coa súa axuda, coseunos
nunhas camisetas vellas.



Son os mesmos das chapas
e servirán de uniforme
para os integrantes do club.
Así é como se converteu
no membro número dous do club.





O seguinte foi Coque,
que achegou unha colección
de dinosauros de plástico,
un álbum con todos os cromos
e uns carteis preciosos.

Mercoullos súa avoa,
porque é moi consentido
e sempre lle mercan
todo o que pide.
Blanca dixo que iso
non tiña mérito ningún,
pero Nachete admitiuno
para que Coque non colla
unha das súas perrenchas.



Pupi non fai máis que matinar
no tipo de fazaña
que podería levar a cabo.
Pero, por máis voltas que lle dá,
non se lle ocorre nada.





Xa é noite,
e non se lle ocorreu proeza ningunha
para entrar no club.
O seu botón está gris do triste que anda.
Se non pensa algo,
Nachete non lle poderá reservar o triceratops,
que é o que máis lle gusta.